



## NOTA PRENSA

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) con motivo da celebración o vindeiro 5 de xuño do Día Mundial do Medio Ambiente quere manifestar a súa preocupación sobre o futuro do medio ambiente, motivado en parte, pola relaxación na inspección ambiental, derivada do incumprimento da lei de protección do medio ambiente en Galicia. Os principais problemas detectados polos profesionais da Bioloxía de Galicia son:

RECORTES PRESUPUESTARIOS EN SEGUIMIENTO AMBIENTAL: No marco do recortes orzamentarios, constátanse as baixadas temerarias de prezos para seguimentos ambientais de obras, que ao entender dos expertos, non cobren nin os desprazamentos en coche. A Administración non está a esixir os Plans de seguimento ambiental, como por exemplo nos parques eólicos, un importante nicho de mercado do biólogos (150 postos de traballo segundo os nosos datos). Isto pode supoñer un incumprimento dos condicionados da Declaración de Impacto Ambiental, de obrigado cumprimento para os promotores, segundo a lexislación vixente.

CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA: Un factor físico de crecente preocupación e constatación como axente causante de danos no medio ambiente, é a contaminación electromagnética. Os efectos das ondas sobre o medio ambiente e a saúde humana son variados e están suficientemente documentados, tal e como revela o último informe Bioinitiative, que alerta de riscos asociados a incrementos de enfermidades como o Alzheimer, de cancro (cancro de mama, leucemias, cancro cerebrais etc..) e doenzas asociadas a deficiencias de funcionamento do sistema inmunolóxico. De feito, as ondas electromagnéticas estanse anunciando na televisión como forma de control de insectos e incluso ratas (cuxo tamaño nalgún caso pode ser similar ao dun bebé). Non obstante, non se respecta o principio de precaución sinalado na lei estatal 33/2011 que alerta especificamente do control do efecto da contaminación electromagnética na saúde pública, nin se informa a poboación do perigo das mesmas. Especialmente preocupante é o emprego de wifis nas aulas de poboacións sensibles como os cativos. O modelo de router está sobredimensionado e sobre todo están acendidos de forma continua todo o tempo que os alumnos están nas aulas (25 horas de exposición semanais), aínda que non se empreguen, ao non existir posibilidade de apagado.

TREGUA AOS POLINIZADORES: O COBGA celebra a importancia da medida aprobada pola Unión Europea pola que se impón un período de moratoria no uso de tres coñecidos insecticidas neonicotinoides (clotiadinín, thiametoxan e imidacloprid) que poderían estar contribuíndo ao declive das colonias de abellas. Unha medida que considera dun alcance con consecuencias moi favorables para a actividade apícola, destacando e felicitando o protagonismo anónimo de milleiros de apicultores de toda Europa para acadar este logro histórico.

Dende o COBGA queremos tamén destacar a importancia transversal da medida aprobada pola Unión Europea ao beneficiar a millóns de organismos salvaxes con similitudes á abella doméstica (*Apis mellifera* L.), dado que a medida supón unha tregua tamén para miles de especies de insectos que fan un labor imprescindible (e economicamente incuantificable) para a biodiversidade e a humanidade, recordándose que a maior parte dos cultivos da agricultura mundial dependen directamente da polinización que efectúan estas especies.



# Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

Animamos ás Administracións Públicas a que dita medida da Unión Europea sexa a súa vez aproveitada para desenvolver medidas de seguimento e monitorización do estado dos axentes polinizadores, abellas e entomofauna salvaxe, que permita entre outros facilitar a obtención de datos para diagnosticar a situación destes organismos, o alcance e resultados da medida temporal agora imposta, valorar a súa importancia no medio natural e como estratéxicos para a agricultura e permitir sustentar e dirixir as decisións políticas relativas á protección dos axentes polinizadores.

O COBGA, en canto órgano de representación dos biólogos de Galicia, profesionais garantes da riqueza ambiental de Galicia, reitera a súa vontade de colaboración coas Administracións Públicas da nosa Comunidade no obxectivo común de mellorar as condición de vida dos galegos, que pasa inexorablemente por conservar o hábitat que é a nosa casa.